



## Concello de Vigo

DON MARCIAL GARCINUÑO SAEZ, SECRETARIO XERAL DO CONCELLO DE VIGO.

CERTIFICA: Que o Pleno do Concello, en sesión do día 27 de marzo do 2000, adoptou o seguinte acordo:

6.- DOAZÓN Ó CONCELLO DE VIGO DO BUQUE "BERNARDO ALFAGEME".

ANTECEDENTES.- Segundo sinala no seu escrito de data 23 de marzo de 2000 a concelleira delegada de Patrimonio Histórico:

"Na data do 14.03.00 entrou no Rexistro Xeral deste Concello unha proposta de doazón do buque pesqueiro "Bernardo Alfageme" ó Concello de Vigo, por parte do seu propietario, D. Fernando Romero López, por medio do seu apoderado D. Marcial Varela Villar, que aporta, xunto coa proposta, toda a documentación necesaria para inicia-los trámites da doazón do buque. Documentación toda que se incorpora ó expediente nº 919/405, iniciado pola resolución da concelleira-delegada de Patrimonio Histórico do día 03.03.00.

Esta proposta de doazón tivo a súa orixe, como revelan os informes e demais documentación que obra no expediente devandito, no interese manifestado pola Concellería de Patrimonio Histórico, quen, coñecedora da existencia dun expediente de despece do buque, iniciou toda unha serie de trámites conducentes á evitación da desaparición do pesqueiro.

Unha das cuestións administrativas que máis problemática presentou a recuperación ou o "indulto" do buque foi a da materialización da súa baixa na lista de "despece" e a necesidade de proceder a un "cambio de lista", en virtude do disposto na vixente lexislación; este cambio é necesario para que a doazón non lle suponga á propiedade un obstáculo para a construción dun buque de características similares que substitúa ó "Bernardo Alfageme".

Unha vez cumplidos estes trámites burocráticos e contando coa vontade da propiedade, a colaboración dos organismos oficiais implicados, o interese manifestado por particulares, asociacións e demais colectivos da cidade, de conserva-lo noso patrimonio cultural marítimo por razóns que resultan obvias véxanse os escritos e informes do expediente nos que se solicita e recolle expresamente a necesidade da recuperación, conservación e mantemento deste patrimonio histórico marítimo da nosa cidade-, tendo en conta que esta unidade pesqueira está considerada polos expertos como unha das últimas expoñentes da historia da construcción naval da primeira metade do século -lémbrese o despece do alxibe "Roberto" e do petroleiro "Campaláns"-, e que, coa perda deste arrastreiro, só quedarian fotografías e documentación para o coñecemento dun dos sectores que deron prestixio internacional a nosa cidade, este departamento proponlle ó órgano municipal competente o seguinte:..."

A seguir a concelleira delegada de Patrimonio Histórico emite a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

A comisión informativa de Cultura, Educación e Muller dictamina favorablemente a devandita proposta.

(No momento da votación están ausentes a Sra. Abelairas Rodríguez e o Sr. Acosta Beiras).



VOTACION E ACORDO.- Por unanimidade dos vintecatro membros presentes da Corporación, dos vintesete que a constitúen de dereito e de acordase:

Primeiro.- Aproba-lo texto do documento de doazón do buque pesqueiro "Bernardo Alfageme" ó Concello de Vigo, nos seguintes termos:

ACORDO DE DOAZÓN DO BUQUE "BERNARDO ALFAGEME", DE PROPIEDADE DE D. FERNANDO ROMERO LÓPEZ, Ó CONCELLO DE VIGO.

En Vigo, de 2000.

#### REUNIDOS

Dunha parte, D. Lois Pérez Castrillo, alcalde-presidente do Concello de Vigo, en nome e representación do mesmo,

Doutra, D. Marcial Varela Villar, en nome e representación do propietario, D. Fernando Romero López, tal e como acredita fidedignamente na documentación presentada perante este Concello na data do 14 de marzo do ano en curso.

Ámbalas dúas partes reconécense capacidade suficiente para formaliza-lo presente ACORDO, e a tal efecto

#### CONVENEN

1º.- Que D. Fernando Romero López dona ó Concello de Vigo o buque pesqueiro "Bernardo Alfageme", construído nos astaleiros de Vigo "Hijos de J. Barreras, S.A." no ano 1944.

2º.- Que a proposta de doazón presentada no Rexistro Xeral do Concello de Vigo achégase xunto coa documentación acreditativa da propiedade, a escritura notarial de PODER bastante outorgado a favor de D. Marcial Varela Villar, para a súa representación, a copia certificada da inscrición do "Bernardo Alfageme" no Rexistro de Buques da Capitanía Marítima de Vigo, folio nº 6.587 da 3ª lista do libro 14 -folios 1/1, 1/2 e 2/1- e certificación do Rexistro Mercantil, Sección de Buques de Vigo, da inscrición -tomo 14 de Buques, folio 50 volto e 267 volto, folla 680, inscricións 3ª e 7ª-, da titularidade e das cargas que poideran existir sobre o buque.

3º.- Que o Concello de Vigo adquire libre de cargas a propiedade do "Bernardo Alfageme", segundo à certificación citada no apartado 2º deste acordo.

4º.- Que o Concello acepta a doazón para a incorporación do buque ó Patrimonio Histórico Marítimo de Vigo, coa finalidade do aproveitamento cultural dunha cidade na que o mar conformou a súa cultura, a súa sociedade e a súa economía.

5º.- Que o Concello se compromete, a medio do presente, a non transmitir la propiedade do buque -baixo ningún título- nin exercer de novo a pesca extractiva co mesmo.



## Concello de Vigo

Estando ámbalas dúas partes de acordo con todo o que antecede, asinan o presente ACORDO DE DOAZÓN no lugar e data indicados no encabezamento.

Segundo. - Dar traslado deste acordo ós interesados e ó servizo municipal de Patrimonio, para a inclusión do buque no inventario de bens do Concello de Vigo.

E para que así conste e ós efectos oportunos, expido esta certificación de orde e co visto e prace do Ilmo. Sr. Alcalde, coa salvedade do artigo 206 do regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, en Vigo, a catro de abril do ano douce mil.

Vº e Praze  
O ALCALDE,

kv.